

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) PARA A REALIZACIÓN DE SETE CURSOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS DIRIXIDO AOS PROFESIONAIS E Á CIDADANIA DO MEDIO RURAL, BAIXO A MODALIDADE DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2026

Dunha parte, Rosa Crujeiras Casais, Reitora da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782, Santiago de Compostela, actuando en nome e representación dela en virtude do Decreto 26/2026, do 6 de abril (DOG núm. 66 do 10 de abril) do seu nomeamento, e polas facultades conferidas no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do Sistema Universitario, do 22 de marzo, e do artigo 82 do Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto)..

Ambos os dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro), é a axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción



e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento. Entre outras funcións, correspóndelle a Agader promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais así como poñer en marcha medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a revitalización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais. Así mesmo, correspóndelle a Agader favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional coa incorporación de persoas mozas ás explotacións, así como fomentar que as novas explotacións agroforestais contribúan á renda familia, afianzar a actividade agroforestal como actividade económica de referencia fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna e fomentar a conservación da produtividade e o bo estado das terras agropecuarias e forestais, mellorar a capacidade produtiva das terras existentes, asegurar a súa biodiversidade e evitar a degradación dos solos.

Segundo A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo cos seus estatutos e no marco da lexislación vixente.

O artigo 4 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos establece que a Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá actividades de extensión universitaria, dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral, que terán como finalidade procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria mediante a programación e organización de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas que poidan contribuír á mellor realización deste obxectivo.

Así mesmo este artigo establece que para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións.

Terceiro O auxe da intelixencia artificial, a automatización e o reto demográfico están transformando tódalas actividades económicas e os postos de traballo, entre outras dimensións relevantes na vida diaria das persoas. Isto está producindo un crecente desaxuste entre as capacidades demandadas polo mercado de traballo e as dispoñibles na oferta laboral, polo que unha nova ameaza se cerne sobre os empregos actuais, pois os coñecementos, capacidades e competencias de moitos traballadores e traballadoras están a quedar obsoletos antes da súa xubilación. De aquí xorde a necesidade de crear un instrumento formativo que permita a recualificación da poboación adulta ao longo de toda a súa vida laboral, e que axude a cidadanía, os sectores produtivos, as administracións e as entidades sociais a percorrer con éxito a transición a esta nova época, caracterizada polo cambio permanente das capacidades e competencias relevantes no mercado laboral, a progresiva desestandarización dos postos de traballo, e onde os traballadores deben



afrontar cambios de funcións e actividades de xeito permanentemente ao longo de toda a súa vida laboral, convertendo así o aprendizaxe nunha constante na actividade profesional.

A Recomendación do Consello Europeo do 16 de xuño de 2022 relativa a un enfoque europeo das microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empleabilidade define a microcredencial como *"o rexistro dos resultados da aprendizaxe permanente que adquiriu un alumno como consecuencia dun pequeno volume de aprendizaxe"* e dispón que as experiencias de aprendizaxe que dan lugar á obtención de microcredenciais están deseñadas para proporcionar coñecementos, capacidades e competencias específicos, que responden ás necesidades sociais, persoais, culturais ou do mercado de traballo.

O Plan de Acción para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias en España (Plan MICROCREDS) do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España establece que *"as microcredenciais universitarias son credenciais derivadas de formacións breves, focalizadas na adquisición de coñecementos, habilidades ou competencias específicas, de formato flexible e adaptable ás diversas necesidades e limitacións de dispoñibilidade do alumnado adulto, cunha estrutura modular pola que cada formación pode ter sentido de forma independente, e ao mesmo tempo, acumularse e combinarse en credenciais máis amplas, no marco dun itinerario formativo personalizado"*.

Este Plan MICROCREDS, está baseado en 5 pilares:

- Pilar 1: Estimular a formación ao longo da vida entre as persoas adultas e os empregadores.
- Pilar 2: Transformar as universidades en institucións de formación para todas as idades.
- Pilar 3: Ofrecer microcredenciais de alto impacto laboral e educativo.
- Pilar 4: Garantir o dereito á formación de todas as persoas adultas.
- Pilar 5: Facilitar itinerarios educativos personalizados na idade adulta.

Cuarto O artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público prevé que as diferentes Administracións Públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo co principio de colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns e co principio de cooperación, en virtude do cal dúas ou máis Administracións Públicas, de xeito voluntario e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos a prol dunha acción común.

Quinto Ambas as dúas institucións consideran que existen evidentes sinerxias entre as competencias encomendadas á USC e á Axencia, polo que estiman moi conveniente a colaboración mutua co obxecto de facilitar aos profesionais e aos cidadáns que habitan o medio rural unha formación práctica que lles permita adquirir coñecementos e competencias específicas no ámbito da dixitalización tanto para a relación coas Administracións públicas como no uso de ferramentas tecnolóxicas a disposición de cidadáns e empresas para mellorar a súa produtividade e, en

particular, dar ferramentas informáticas asociadas á xestión da terra agraria de competencia desta axencia.

En consecuencia, as partes asinan o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento das seguintes sete microcredenciais universitarias en formato híbrido ou semipresencial durante o curso 2025-2026, que deberán ter finalizada a súa docencia antes do 31 de maio de 2026.

- Microcredencial Universitaria en Cidadáns e Servizos Dixitalizados
- Microcredencial Universitaria en Como usar a IA no día a día
- Microcredencial Universitaria en Xestiona a túa Terra
- Microcredencial Universitaria en Como implantar VERIFACTU no meu negocio
- Microcredencial Universitaria en Xestión de Datos con POWER BI
- Microcredencial Universitaria en Marketing Dixital
- Microcredencial Universitaria en Comercio Electrónico

Os contidos destas microcredenciais, a metodoloxía docente, o número de horas e créditos impartidos en cada unha delas, así como os destinatarios das mesmas detállanse a continuación.

CONTIDOS DAS MICROCREDENCIAIS
MICROCREDENCIAL: CIDADÁNS E SERVIZOS DIXITALIZADOS
Certificados dixitais e DNI electrónico, xestións dixitais con tráfico, ca vida laboral, co centro de saúde, ca axencia tributaria, co catastro e co rexistro da propiedade.
MICROCREDENCIAL: COMO USAR A IA NO DÍA A DÍA
¿Qué é a IA? Principais aplicacións e asistentes virtuais: ChatGPT, Gemini, Alexa, Siri, etc. Xeración de imaxes con IA. Os sesgos no manexo de información da IA. Privacidade e protección dos meus datos.
MICROCREDENCIAL: XESTIONA A TÚA TERRA
Instrumentos de mobilización e recuperación de terras rúticas: como incorporar tu finca ou arrendala no Banco de Terras (utilización do aplicativo SITEGAL). Xestiona a túa terra: trámites co catastro e o rexistro da propiedade (sede electrónica).
MICROCREDENCIAL: CÓMO IMPLANTAR VERIFACTU NO MEU NEGOCIO
¿Qué é VERIFACTU e cal é a súa relación ca factura electrónica? ¿Qué podemos facer para cumprir as novas normas? Obrigacións, excepcións e sancións. O uso de FACTURE e de outras plataformas públicas.
MICROCREDENCIAL: XESTIÓN DE DATOS CON POWER BI
A importancia dos datos na empresa. Dos datos ao coñecemento. Preparación e



modelado dos datos. Conectando Power BI co orixe dos datos. Visualización, gráficos e publicación de informes. Aplicación de IA en Power BI.

MICROCREDENCIAL: MÁRKETING DIXITAL

Proposta de valor. Identificación de clientes. Ferramentas de márketing dixital. As redes sociais. Marketing dixital e IA.

MICROCREDENCIAL: COMERCIO ELECTRÓNICO

¿Qué é o comercio electrónico? Plataformas para xerar unha tenda on-line. A tenda WooCommerce. Os pagos con Shopify.

METODOLOXÍA DOCENTE

A metodoloxía docente será híbrida, combinando a formación presencial co apoio tutorial on-line, e os grupos serán reducidos, con un mínimo de 10 e un máximo de 15 alumnos en cada microcredencial, para facilitar a interacción entre o profesor e o alumno.

A formación comezará coa impartición das sesións presenciais físicas, dúas ou tres dependendo da duración de cada microcredencial, nas que o profesor exporá os conceptos e explicará o manexo das ferramentas necesarias para adquirir as competencias específicas de microcredencial. Para facilitar o acceso dos alumnos ás sesións, estas impartiranse nas instalacións dos concellos interesados en participar neste programa.

Unha vez finalizadas as sesións presenciais os alumnos contarán cos coñecementos conceptuais e o manexo das ferramentas necesarias para aplicar as competencias adquiridas na súa actividade cotiá, embargastes pódennles xurdir dúbidas e dificultades na súa utilización. Para solucionarlas, mellorar o aproveitamento da formación recibida e facilitar a utilización das competencias adquiridas, complementáanse as sesións presenciais coas seguintes actividades on-line de apoio tutorial o alumnado:

- Dende o inicio ata mes seguinte a finalización da microcredencial, na aula virtual, o alumno disporá do material docente utilizado e outros recursos formativos relacionados coa temática da microcredencial, para que poidan ampliar os seus coñecementos.
- Dende o inicio da formación ata o mes seguinte a súa finalización, tamén poderá contactar co profesor para realizar consultas e aclarar dúbidas o traveso do correo electrónico.
- Sesión virtual síncrona, o traveso de TEAMS, na que os alumnos poderán interactuar co profesorado para precisar conceptos, aclarar dúbidas ou solucionar problemas que lles xurdiran na aplicación das competencias adquiridas na microcredencial. Esta actividade realizarase despois de rematar as sesións presenciais, para que o alumnado teña tempo a asimilar e por en práctica os coñecementos e ferramentas adquiridas na microcredencial. O tratarse dunha actividade síncrona o alumno poderá interactuar con profesor e compartir ficheiros, pantallas, etc.

DURACIÓN	SESIÓNS PRESENCIAIS	HORAS PRESENCIAIS TOTALS	HORAS DE APOIO TUTORIAL	CRÉDITOS
Cidadáns e servizos dixitalizados	3	10	10	2
Como usar a IA no día a día	3	10	10	2
Xestiona a túa terra	2	5	5	1
Como implantar VERIFACTU no meu negocio	2	5	5	1
Xestión de datos con Power BI	3	10	10	2
Marketing dixital	3	10	10	2
Comercio electrónico	3	10	10	2

Para facilitar o acceso dos alumnos do entorno rural, cada unha das microcredenciais poderá impartirse en varios localizacións (concellos de menos de 10.000 habitantes), nas catro provincias galegas, ata un **máximo de 20 microcredenciais**.

DESTINATARIOS

Os destinatarios das actuacións obxecto deste convenio serán persoas cunha idade comprendida entre 25 e 64 anos no momento da matrícula no curso, residentes en concellos do ámbito rural de menos de 10.000 habitantes, establecendo a dirección dos cursos os criterios de selección, no caso de que os solicitantes superen o número máximo de alumnos establecido.

SEGUNDA.- COLABORACIÓN/COMPROMISO DA USC

A USC asume os seguintes compromisos:

- 1.- Financiar un 67% dos custes da acción formativa con cargo ao Plan de Microcredenciais da institución.
- 2.- Planificar, dirixir e impartir as actividades de formación obxecto deste convenio.
- 3.- Responsabilizarse de contar coas instalacións axeitadas para impartir as Microcredenciais
- 4.- Realizar os tramites de inscrición e matrícula ata un máximo de 15 alumnos por cada un dos cursos.
- 5.- Emitir un certificado dixital, de forma gratuíta, a favor do estudantado que obteña a microcredencial cursada, unha vez superada a súa avaliación, segundo os criterios establecidos pola dirección do curso, garantindo que se realizará previa verificación da identidade do alumno.

Aqueles alumnos que soliciten outro tipo de certificado deberán abonar a taxa correspondente, segundo as tarifas establecidas, de conformidade co disposto no Regulamento de Estudos de Propios da Universidade de Santiago de Compostela.

6.- Subministrar á Agader información dispoñible sobre o cumprimento do obxecto deste convenio, en particular o número de alumnos participantes en cada microcredencial e en cada localización na que se imparta, así como os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de protección de datos.

7.- En todas as actuacións de promoción, difusión e impartición da formación derivadas deste convenio farase constar que se trata dunha actuación cofinanciada pola Agader en virtude do presente Convenio.

TERCEIRA.- COLABORACIÓN/COMPROMISO DA AGADER.

1.- Coa finalidade de que sexa totalmente gratuíta para os seus destinatarios a formación impartida no marco deste convenio, Agader asume o compromiso de financiar o 33% dos custes de cada microcredencial que se imparta.

2.- As achegas económicas de Agader efectuaranse por transferencia na data de finalización do prazo de inscrición en cada un dos cursos que se impartan, na conta da USC: CABLE SMMXXX-ES65-2080-0388-2331-1000-1298 ABANCA.

3.- O importe total máximo que financiará a Agader é de 14.839,40 €, no caso de que se realicen o número máximo de microcredenciais previstas (20) e todas elas correspondan as máis longas e de maior custo (2.248,40 €), nas que Agader aportaría 741,97 € por cada microcredencial.

3.- Os gastos derivados deste convenio financiaranse con cargo á conta orzamentaria 15.A1 712A 6400, código de proxecto 2021/00004.

Cidadáns e servizos dixitalizados	
Tipo de custo	Importe
Profesorado	1.600,00 €
Dirección e coordinación	400,00 €
Seguro alumnos	248,40 €
Total	2.248,40 €
Achega Agader (33%)	741,97 €

Como usar a IA no día a día	
Tipo de custo	Importe
Profesorado	1.600,00 €
Dirección e coordinación	400,00 €
Seguro alumnos	248,40 €
Total	2.248,40 €



Achega Agader (33%)	741,97 €
---------------------	----------

Xestiona a túa terra	
Tipo de custo	Importe
Profesorado	700,00 €
Dirección e coordinación	175,00 €
Seguro alumnos	248,40 €
Total	1.123,40 €
Achega Agader (33%)	370,59 €

Como implantar VERIFACTU no meu negocio	
Tipo de custo	Importe
Profesorado	700,00 €
Dirección e coordinación	175,00 €
Seguro alumnos	248,40 €
Total	1.123,40 €
Achega Agader (33%)	370,59 €

Xestión de datos con Power BI	
Tipo de custo	Importe
Profesorado	1.600,00 €
Dirección e coordinación	400,00 €
Seguro alumnos	248,40 €
Total	2.248,40 €
Achega Agader (33%)	741,97 €

Márketing dixital	
Tipo de custo	Importe
Profesorado	1.600,00 €
Dirección e coordinación	400,00 €
Seguro alumnos	248,40 €
Total	2.248,40 €
Achega Agader (33%)	741,97 €

Comercio electrónico	
Tipo de custo	Importe
Profesorado	1.600,00 €
Dirección e coordinación	400,00 €
Seguro alumnos	248,40 €
Total	2.248,40 €
Achega Agader (33%)	741,97 €

CUARTA.- DIRECCIÓN DOS CURSOS

Encoméndase a dirección dos sete Cursos de Formación Específica, en forma de Microcredenciais Universitarias obxecto deste convenio ao D. Miguel Ángel Otero Simón, profesor da área de Comercialización e Investigación de Mercados, na

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC no Campus de Santiago, e a codirección dos mesmos a Vicente Ángel López López, profesor da área de Organización de Empresas na Facultade de Administración e Dirección de Empresas da USC no campus de Lugo.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

A USC presentará unha memoria xustificativa das microcredencias impartidas consonte as condicións previstas neste convenio, xunto cunha relación dos gastos realizados e da factura correspondente.

SEXTA - OBRIGAS DERIVADAS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU.

Ambas partes asumen o compromiso de crear e executar os cursos de conformidade coas condicións establecidas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, no marco do compoñente 21, investimento 6 do Plan de Recuperación, transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea- Next Generation EU (Convenio Microcredenciais). En particular:

1. Os cursos terán como prazo máximo para a finalización da súa docencia o 31 de maio de 2026, data fixada na Convocatoria Microcredenciais.
2. Os beneficiarios do financiamento debe cumprir cos requisitos establecidos na Convocatoria Microcredenciais, e en particular, o estudiantado matriculado debe contar cunha idade comprendida entre 25 e 64 anos no momento da matrícula no curso.
3. Tanto nas actuacións de difusión e publicidade como nos materiais docentes utilizados no curso respectáranse os requisitos establecidos respecto do uso da imaxe institucional no Convenio Microcredenciais.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión de seguimento paritaria integrada pola reitora, Rosa Crujeiras Casais, ou persoa en quen delegue, en representación da USC, e directora da Agader, Paz Rodríguez Rivera, ou persoa en quen delegue, en representación de Agader, que se encargará da supervisión da execución do convenio, a súa interpretación e a resolución dos conflitos derivados da súa aplicación.



OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio estará supeditado á efectiva realización dos cursos. Entrará en vigor na data da súa sinatura, e rematará na data de finalización dos cursos, e en todo caso, o 31 de agosto de 2026, en canto data límite para xustificación das actuacións realizadas ao abeiro do Convenio Microcredenciais, podéndose denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

NOVENA. - XURISDICIÓN

A AGDR e a USC comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

No caso de conflito, ambas as dúas partes acordan o sometemento aos tribunais de Santiago de Compostela, con renuncia ao seu propio foro.

A AGDR declara coñecer o carácter de Entidade de Dereito Público que ostenta a USC e, en consecuencia, a aplicabilidade á mesma das normas de Procedemento Administrativo. No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPD), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase ás partes de que os datos persoais que se recollen como consecuencia da execución do presente convenio serán tratados pola USC na súa condición de responsable do tratamento.

A finalidade do tratamento é a xestión, desenvolvemento, control e seguimento do presente convenio, así como o cumprimento das obrigas legais derivadas del. A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o exercicio de poderes públicos atribuído á USC, así como, de ser o caso, o cumprimento de obrigas legais.

Os datos non se comunicarán a terceiros, agás nos supostos en que así o estableza unha norma con rango de lei ou sexa necesario para o cumprimento de obrigas legais. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades derivadas do tratamento, ademais dos prazos establecidos na normativa de arquivos e documentación administrativa.



As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade, nos casos e co alcance establecido na normativa aplicable, mediante escrito dirixido á USC ou a través da sede electrónica que corresponda, así como presentar, se procede, unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

No caso de que no marco deste convenio se produza un acceso a datos persoais por parte dunha das entidades intervenientes actuando como encargada do tratamento, formalizárase o correspondente acordo ou cláusula específica de encargado do tratamento, de conformidade co artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679 e coa Lei orgánica 3/2018

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento na data da sinatura dixital

Pola USC
A reitora
Rosa Crujeiras Casais

Pola Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural
A Presidenta
M^a José Gómez Rodríguez